



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou, coa a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Continuar co recoñecemento da correspondencia entre os ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e as materias de estudos universitarios que se imparten na Universidade de Santiago de Compostela, na Universidade da Coruña e na Universidade de Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

1. Na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 44 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no seu punto 38 que os alumnos e as alumnas que superen os ciclos formativos de grao superior da formación profesional obterán o título de Técnico Superior. O título de





Técnico Superior permitirá o acceso, previa superación dun procedemento de admisión, aos estudos universitarios de grao.

2. Na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no seu artigo 2º reconece a autonomía universitaria; no seu punto 2 apartado f) establece que dita autonomía comprende entre outros extremos, a verificación dos coñecementos dos estudantes; e no apartado d) atribúe ás universidades a competencia para a elaboración e aprobación dos seus plans de estudos.

3. No Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre o recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior establece o réxime de recoñecemento de estudos entre as diferentes ensinanzas que constitúen a educación superior.

4. En que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e as tres universidades galegas no ámbito das súas respectivas competencias educativas, teñen a vontade de promover a continuación de estudos universitarios aos titulados técnicos superiores da formación profesional inicial e recoñecerlles a formación adquirida no ciclo formativo superior que teñan cursado, conforme ao real decreto citado no punto anterior.

5. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a quen lle corresponde a planificación, ordenación, dirección e execución das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma en materia de universidades, e de acordo coas anteriores manifestacións, ten a vontade de abrir esta experiencia, iniciada no curso escolar 2004-2005, a novas titulacións universitarias de grao, que serán obxecto de recoñecemento de créditos e materias para o curso académico 2016-2017.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

